

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Modificación de nomeamento de tenentes de alcalde

Modificación do nomeamento dos tenentes de alcalde

Con data 13 de decembro de 2016, por esta Alcaldía ditouse a resolución núm. 1250/2016, que deseguido se transcribe íntegramente:

“Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo (A Coruña)

Modificación do nomeamento dos tenentes de alcalde

Modificada a composición da Xunta de Goberno Local, por Resolución n.º 1249/2016, do 13 de decembro de 2016, corresponde á alcaldesa desinar libremente aos tenentes de alcalde de entre os membros da citada Xunta de Goberno Local, e visto que son un órgano necesario do Concello, segundo dispoñen os artigos 20.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigo 59.2.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e artigo 35.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e con base na nova composición do goberno municipal.

Vistos os artigos 20.1 e 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 46 e 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO.–Cesar como membro da Xunta de Goberno local á concelleira D.ª Patricia M.ª Vázquez Figueroa.

SEGUNDO.–Nomear tenentes de alcalde aos/ás seguintes concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local:

- 1.º.–Juan Antonio Fariña Pedreira
- 2.º.–D. Francisco Javier Santos Maseda
- 3.ª.–D.ª M.ª Begoña Calviño Dorado
- 4.º.–D. José Ramón Lorenzo Carou

TERCEIRO.–Corresponde aos nomeados, pola orde indicada, sustituirme na totalidade das miñas funcións, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas atribucións; así como nos supostos de vacante ata que tome posesión o novo alcalde.

CUARTO.–Da presente resolución, darase coñecemento ao Pleno na primeira sesión que celebre consonte co artigo 38 do ROF, notificándose ademais persoalmente aos interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, tendo efectos o cese e os nomeamentos a partir do día 1 de xaneiro de 2017, conforme se indica no artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Bergondo, 21 de decembro de 2016.

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez

2016/10614